

1 Responde as seguintes preguntas.

a) Quen permitiu a entrada de tropas francesas en España? Con que escusa entraron?

A entrada permitiuna Manuel Godoy, valido de Carlos IV.

Entraron coa escusa de atravesar España par invadir Portugal.

b) ¿Cando se iniciou a guerra da Independencia? Por que?



O dous de maio de 1808 en Madrid.

Iniciouse o 2 de maio de 1808, porque os madrileños se rebelaron contra as tropas francesas de ocupación.

c) Como debilitaron os españois as tropas francesas?

Con guerrillas, modo de combate ó que os franceses non estaban afeitos.

2 Durante a guerra da Independencia, que fixeron as Cortes reunidas en Cádiz?

O que fixeron foir elaborar a primeira constitución liberal, a Constitución de 1812, na que se recollía que todos os españois eran iguais perante a lei e remataba co absolutismo. Ademais recoñecían como rei a Fernando VII.

3 Fernando VII chegou a España como rei en 1814.

a) A quen favoreceu a súa chegada?

Favoreceu os absolutistas suprimindo a Constitución de Cádiz e as reformas liberais.

b) A Constitución de Cádiz estivo vixente nalgún momento do seu reinado? Por que?

Si, estivo vixente no Trienio Liberal de 1820 a 1823, porque a rebelión militar ou pronunciamiento do coronel Riego obrigouno a converterse en rei constitucional.

c) Que pasou coas colonias americanas?

Aproveitaron a debilidade da monarquía para independendizarse grazas ós liberadores Simón Bolívar e José de San Martín.

d) Por que derogou a Lei Sálica?

Derrogouna para que a súa filla puidese sucederlle no trono, porque esta lei impedía reinar ás mulleres.

NATURAIS

Define as propiedades xerais da materia.

As propiedades xerais da materia son:

a masa ou cantidade de materia que posúe un corpo e

o volume que que é o espazo que ocupa un corpo.

Completa a frase seguinte.

As substancias puras son aquelas que están formadas por **varios tipos** de materia. As mesturas están formadas por varias **substancias puras**.

Cada unha delas é un **compoñentes** da mestura.

Explica a principal diferenza entre mesturas heteroxéneas e homoxéneas.

As mesturas heteroxéneas son aquelas nas que se distingue cada un dos seus compoñentes porque son visibles, mentres que nas mesturas homoxéneas isto non sucede.

Pon 5 exemplos de cada tipo.

Homoxéneas (por exemplo):

leite con auga a azucre, sangue, cemento , bronce, aceiro, aire, viño, auga con alcol, xabón, zume, desodorizante, xel, xampú, auga con mel, nube, refrescos, xarope, pastillas, queixo, iogur, café con leite, colacao e leite, etc.

Heteroxéneas (por exemplo):

madeira e pedras, granito, auga e aceite, auga e vinagre, pizza, ensalada, ensaladilla, unha bolsa de froitos secos, un collage, o chan, pedras e area, pechblenda, mármore, ágata, xaspe, un iogur con cachos de froitas, un bocadillo, etc.